



OS LUGARES DE FRANCISCO CARBALLO - Santiago Prol -

Boas tardes. Quixera agradecer aos organizadores desta Homenaxe Nacional en Marín a Francisco Carballo, a nosa presenza neste acto en nome de todos os veciños e veciñas de Maceda.

O fillo máis sobranceiro vivo do noso concello naceu ao pé dos venteados Montes do Rodicio, en Celeirón de Asadur, coa Serra de San Mamede omnipresente. El sempre remarca as súas orixes - sen autoodio- naquel fermoso lugar -que non aldea- do que moi preto pasa a Vía Nova, unha Rota Romana que ía dende Braga até Astorga. O Val do Medo tivo poboación neolítica, castrexa e romana. O lugar no que veu ao mundo Francisco Carballo -o 8 de marzo de 1925- fora un celeiro dun mosteiro feminino na Idade Media. Aquela Arcadia, que el mesmo denomina "niño de reiseñores", tiña forno común, peto de ánimas, regueiro con xuncos, paxaros a esgalla, escola mixta, lameiros, veiga e bebedoiros para o gando.

O igrexario de Asadur, ademais das reminiscencias do mosteiro das monxas bieitas, garda unha ara romana moi ben conservada, un baixorrelievo prerrománico único e unha estatua xacente dun inquisidor. A parroquia de Asadur era o ámbito social. A vila de Maceda era o eixo económico e o referente comercial. Dende moi cativo Carballo ía ilusionado en cabalo ás feiras do 4 e do 20 (sabe montar dende os tres anos). Nunha de mediados de 1936 viu unha folga. En Maceda todos falaban de Benigno Álvarez, o emerxente líder do Partido Comunista que estaba a revolucionar aquel mundo. Nunha columna que enxertou no Semanario ANT en novembro de 2000, o historiador reflexionaba: "Logo da guerra, a ruralización dos anos 40 empobreceu aínda máis ao País. Veu a emigración. Nos anos 60 abandonáronse as leiras e as cortiñas. O tardofranquismo dinamitou o mundo rural milenar. O fraguismo case o extermina a prol dunha globalización selectiva. O capitalismo destruíu o tecido económico tradicional. Dende 1960 deuse o maior cataclismo que coñeceu Galiza dende o castrexo. Hogano as aldeas son dormitorios ou granxas. Non hai vida cultural nin social".

Con 11 anos Carballo ingresa no colexio dos Milagres, pouco despois de estalar a Guerra Civil. Nos dous cursos do Monte Medo soubo dos "paseados" e dos fusilados da nosa contorna. Tamén do trágico final de Benigno Álvarez e da presenza de fuxidos armados. Outros dous anos en Limpas (Cantabria) e un en Murguía (Araba) foron rutinarios, fríos e con serias carencias alimentarias. Por aquela época afeccionouse a xogar ao xadrez.

En 1941 comezou estudos de seminarista cos Paúles: un de Noviciado estrito e tres máis de Filosofía en Madrid (no barrio de Hortaleza); outros catro de Teoloxía en Cuenca (fronte as Casas Colgantes). Os oito na máis pura ortodoxia do "nacionalcatolicismo" español, sen regresar á casa e sen apenas contacto co exterior. En Madrid a tuberculose causou estragos no seu centro. Pasou fame, frío intenso, vestiu roupa impropia, acusou rigor extremo en horarios, mesmo padeceu un reitor sadomasoquista que os insultaba e os obrigaba a levar unha vida de réxime monacal-cuarteleiro.

Os veráns pasábaos en Murguía, nun colexio de Paúles onde a alimentación e o clima semellaban máis benignos. Nunhas Memorias inéditas ás que puidemos ter acceso, Carballo escribiu: "Eramos uns monxes con hábitos de cegos, uns estudantes de vellos pergamiños como na Idade Media. Os catro anos en Madrid foron de arrase da espontaneidade. Axudaron a ter un aspecto de paúl

ao estilo francés do século XVII”.

Ao pé do Huecar, Carballo soñaba con saír daquela “gorxa” conquense cara a India como misioneiro. O 3 de xullo de 1949 -na catedral de Cuenca- ordenouno sacerdote Monseñor Tovar, bispo de Cutack (India). En Madrid celebrou a primeira misa na basílica da Milagrosa co seu tío Samuel, que tamén era frade Paúl. Regresou a Celeirón e atopou todo igual que en 1941 agás aos irmáns que xa eran maiores.

Con 24 anos foi nomeado profesor de Filosofía no Seminario de Madrid. Simultaneou esta laboura cos estudos universitarios. Matriculouse en Filosofía e Letras, sección Historia, na Universidade Central, hoxe Complutense. Sabemos que tiña especial predilección polas matemáticas. Como só podía realizar aqueles estudos por libre, desistíu. A realidade universitaria de Madrid era penosa: absentismo e mediocridade de gran parte do profesorado, baixa preparación académica do alumnado, ambiente pechado. Orabén, era mixto: había alumnas, profesoras, saídas ao campo, visitas ao Museo do Prado, á Biblioteca Nacional, ao Ateneo, cinema aos domingos... Todo aquilo contribuíu a modificar os hábitos monacais da súa formación relixiosa. Carballo recibiu os beneficios do espazo máis aberto daquela represiva, gris e autárquica España franquista.

No verán de 1953 foi de vacacións a Inglaterra. Pasou antes por París onde descubriu o ambiente dos lazaristas e do catolicismo francés. En Londres os paúles tiñan unha residencia de estudantes. Aquilo semellaba radicalmente diferente. O nacionalcatolicismo español ía aparecendo como unha penosa situación a sobrepasar. A Historia interrogaba á Teoloxía.

En setembro de 1954 licenciouse cunha tesina sobre “San Vicente de Paúl e África”. En 5º de carreira tivo a oportunidade de escoitar a Vicens Vives e a Pierre Vilar. Máis tarde fixo un curso breve en Barcelona baixo dirección de M. Seguin. Eles foron os que máis o orientaron no quefacer da Historia. Matriculouse nos cursos de doutoramento. Tamén pensaba ser alumno de Xosé Luís López Aranguren. Deixouno por presións e foi enviado ao colexio San Narciso de Marín como Director Técnico aquel 1954. Era un pequeno centro de bacharelato con 50 internos e uns 150 externos. Completaba a laboura docente no colexio de Praceres e no da Inmaculada en Pontevedra. No Morrazo xa se falaba de renovación do galeguismo. Daquela Carballo perdeu a oportunidade de incorporarse á Galiza que empezaba a despertar, algo que lle pesou andando o tempo.

En 1958 trasladárono ao colexio de San Vicente de Paúl de Barakaldo. Aplicábase a estratexia -tan xeralizada nas comunidades relixiosas- de non residenciar no propio país e lonxe do ámbito familiar. O ruinoso colexio de Barakaldo estaba ao pé de “Altos Hornos de Biscaia”. En 1962 subiron a un colexio novo no barrio de Beurco. Alí Carballo exerceu como director e superior. En 1963 saíu o seu primeiro libro, “O Santuario do Monte Medo”. En 1965 “Espírito misioneiro da Constitución litúrxica”, a súa primeira incursión no Vaticano II. Carballo artellou un colexio ao día, cun proxecto compartido e aberto ao País Vasco. Barakaldo era unha cidade obreira, de emigrantes e con esperanzas reivindicativas. Para os Paúles do tempo do franquismo foi un colexio paradigmático, o mellor feito histórico da súa biografía. A parroquia de San Vicente era avanzada na pastoral, de diálogo obreiro e de inculturación en Euskadi. Ao lado do colexio xurdíu a parroquia de Santa Teresa. O seu vicario era Perico Solabarría, un sacerdote obreiro, logo coñecido por ter cargos de responsabilidade na dirección de Herribatasuna. Con el departíu Carballo infindas veces.

Naquel trienio como director en Barakaldo, a Igrexa púxose en Concilio. O impacto do Vaticano II levouno a aceptar o nomeamento como reitor do Teologado San Vicente de Paúl en Salamanca. Tiña 40 anos. Estivo alí -impulsando unha renovación teolóxica- dende 1965 até 1973. Oito anos de reformulación mental e de salto do modelo cristián medieval-reformista ao paradigma Ilustración-modernidade, léase cristianismo superador, que poderíamos chamar “Cristianía”, na liña de Raimon Panikkar ou de Chao Rego.

O edificio do teologado semellaba unha Arca de Noé. O profesorado esforzábase en “aggiornarse”. Polo centro pasaron docentes progresistas. Tamén estivo Rouco Varela. Carballo tentaba poñerse ao día. Era un lector compulsivo. Axudoulle a ida a Roma nos veráns, dende 1967 até 1973, a asambleas e grupos de estudo elitistas. Os paseos dominicais polo rastro do Trastévere descubríronlle outra realidade máis acesa: atopou un “Terra e Tempo” e decatouse de que existía na clandestinidade un nacionalismo galego marxista organizado.

Durante os 8 anos que pasou en Salamanca deuse na Igrexa e na súa Congregación o maior cambio dende o Concilio de Trento; houbo un intento de asumir o Vaticano II e de superalo. A reforma que promoveu en Salamanca non sempre foi ben entendida. A cidade universitaria era un fervedoiro co Maio do 68 e o tardofranquismo de fondo. Carballo tentaba convencer aos Paúles. O seu verdadeiro obxectivo debería ser o servizo á liberación dos pobres. Iso só sería posíbel se vivían en solidariedade con e entre eles; se traballaban dende os pobres e se compartían todo, sen poder de ningún tipo.

Aquilo semellaba un programa para fundar unha comunidade nova. Para defender ao débil e para criticar toda opresión había que facelo na loita social e dende a sociedade civil. Vigo era o lugar axeitado. Carballo, que puido seguir facendo carreira eclesiástica dende arriba e acadar algo semellante ao que conseguiu o Cardeal Quiroga Palacios (tamén orixinario de Maceda), optou polo cristianismo de base en galego, nunha cidade obreira na que estivo na fronteira do eclesial e no corazón do debate social dende 1973 até 1985. Impartiu clases na Escola Universitaria de Maxisterio e no Politécnico. Dende 1985 até 1990 traballou no centro de Formación Profesional da Xunqueira en Pontevedra, onde se sentiu plenamente satisfeito como docente. Xubilouse e viviu -ao comezo- a cabalo entre Vigo e Marín. Reside dende hai máis dunha década en Chan do Monte, un lugar privilexiado do Morrazo. A xubilación foi unha liberación, xa que logo permitíulle dedicarse á investigación e a escribir libros capitais para a memoria colectiva deste País. Axiña veremos imprentada unha monografía sobre "O Século XVI en Galiza" e un ensaio sobre a "Inxerción do Cristianismo na Nación". Nos anos 90 Carballo tamén fixo visitas pendentes a familiares en Uruguay e en Cuba. Recentemente voltou a Francia. Os desprazamentos a Salamanca e Maceda nunca deixaron de estar na súa axenda.

Francisco Carballo fixo o reencontro con Galiza -dende Vigo- cunha inmersión global na sociedade: no sindicalismo docente (UTEG), no eido político (Bloque), no xornalismo (ANT), na edición (Promocións Culturais Galegas), no asociacionismo (Cultural de Vigo), na investigación (Colección Historia de Galiza, Escola de historiadores), na relixión (Irimia, Encrucillada)... Desta intensa etapa de compromiso co País -a tempo completo- non vou falar, xa que logo atópanse eiquí -nesta mesa- relevantes personalidades que estiveron en primeira liña con el. Nun interesantísimo libro de "Conversas" que tivo a ben artellar con Xan Carballa e comigo no 2002, o ilustrado historiador dicíanos que a súa arela derradeira sería ver Galiza liberada e gobernada por persoas dende unha esquerda real, na que a igualdade fose o primeiro obxectivo daquel goberno. Saúde mestre. Longa vida e Patria. Sempre!

Marín, 22 de Outubro de 2005.
Homenaxe Nacional a F. Carballo.-